

INSTRUCCIÓN

ESTAS INSTRUCCIÓN TEÑEN EFECTOS MERAMENTE INFORMATIVOS



**IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS
PATRIMONIAIS E ACTOS
XURÍDICOS DOCUMENTADOS**
AUTOLIQUIDACIÓN EN EUROS

Modelo

600

EUROS

I. CUESTIÓNS XERAIS

CÁNDO SE UTILIZARÁ O MODELO 600?

O presente impreso, modelo 600, será de uso cando o rendemento do imposto corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia, para todas as autoliquidacións que se realicen por:

- Transmisións patrimoniais onerosas.
- Operacións societarias.
- Actos xurídicos documentados.

Exceptúase a transmisión de vehículos usados na que se utilizará o modelo 620, o pagamento en metálico do imposto sobre actos xurídicos documentados que grava os recibos e obrigas de pagamento negociados por entidades de crédito no que se utilizará o modelo 610 e o pagamento en metálico do exceso das letras de cambio superiores a 192.323,87 euros e das expedidas no estranxeiro que se efectuará no modelo 630.

Usarase un só impreso por cada feito imponible. Sen embargo, poderanse acumular varias adquisicións nun só modelo 600 para o caso de empresarios dedicados á revenda de bens mobles usados (agás vehículos), que poderán incluír no recadro [1] de base imponible a suma do importe total das adquisicións acumuladas (Resolución do 21/09/2011 da Dirección Xeral de Tributos, pola que se ditan instrucións relativas á presentación do modelo 600 do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, no suposto de adquisición de bens mobles usados por empresarios dedicados á revenda).

Ningún documento que conteña actos ou contratos suxeitos a este imposto se admitirá nin fará efecto en Oficina ou Rexistro Público sen que se xustifique o pagamento da débeda tributaria a favor da Administración Tributaria competente para esixilo, conste declarada a exención por esta, ou, cando menos, a presentación nela do referido documento.

INGRESO E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ESIXIDA

Os suxeitos pasivos deberán ingresar o importe da autoliquidación en calquera das entidades colaboradoras autorizadas (ver o epígrafe LUGAR DE PRESENTACIÓN). Ingresado o importe da autoliquidación, esta presentarase na oficina xestora acompañada do orixinal e copia simple do documento no que conste ou se relacione o acto ou contrato que orixine o tributo. Así mesmo, nos supostos de exención ou non suxeición presentarase na oficina xestora este modelo, debidamente cuberto, xunto co documento orixinal e a súa copia simple, conforme aos artigos 107 e 122 do Regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados aprobado polo Real Decreto 828/1995, do 29 de maio.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

A autoliquidación presentarase en calquera das oficinas da Axencia Tributaria de Galicia cando o rendemento do imposto corresponda á Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coas seguintes regras que se enumeran pola orde da súa aplicación preferente:

- a) Sempre que o documento comprenda algún concepto suxeito á cota gradual do gravame de actos xurídicos documentados, documentos notariais, cando o Rexistro no que debería procederse á inscrición ou anotación dos bens ou actos radique no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Se o acto ou documento se refire a operacións societarias, cando a entidade teña o seu domicilio fiscal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Se o acto ou documento non motiva liquidación nin pola cota gradual de actos xurídicos documentados, documentos notariais, nin tampouco pola modalidade de operacións societarias, a autoliquidación presentarase en calquera das oficinas da Axencia Tributaria de Galicia cando se cumpran as regras que figuran a continuación en función da natureza do acto ou contrato documentado e dos bens a que se refira:
 1. Se o acto ou documento comprende transmisións ou arrendamentos de bens inmobles, constitución e cesión de dereitos reais, mesmo de garantía, sobre estes, cando os inmobles radiquen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Nos supostos previstos no artigo 314 do Real Decreto Legislativo 4/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Mercado de Valores, cando os bens inmobles integrantes do activo da entidade cuxos valores se transmiten radiquen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 2. Se comprende a constitución de hipoteca mobiliaria ou peñor sen desprazamento ou se refire a buques ou aeronaves, cando o Rexistro Mercantil ou de Hipoteca Mobiliaria e Peñor sen Desprazamento no que tales actos deban de ser inscritos radique no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 3. Se comprende transmisión de bens mobles, semoventes ou créditos, así como a constitución e cesión de dereitos reais sobre estes, cando o adquirente teña a súa residencia habitual, se é persoa física, ou o seu domicilio fiscal, se é persoa xurídica, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 4. Se o acto ou documento se refire á transmisión de valores, cando se formalice a operación no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 5. Se se refire exclusivamente á constitución de préstamos simples, fianzas, arrendamentos non inmobiliarios e pensións, cando o suxeito pasivo teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal, segundo se trate de persoa física ou xurídica, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 6. Se se trata de documentos relativos a concesións administrativas de bens, execucións de obras ou explotacións de servizos, cando radiquen, se executen ou se presten estes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas mesmas regras serán aplicables cando se trate de actos e negocios administrativos que tributen por equiparación ás concesións administrativas.
 7. Nas anotacións preventivas cando o órgano rexistral ante o que se produzan teña a súa sede no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
 8. Nas letras de cambio e documentos que supran a estas ou realicen función de xiro, así como nas obrigas de pagamento, bonos, obrigas e títulos análogos a que se refire o artigo 33 do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, cando o seu libramento ou emisión teña lugar no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia; se o libramento ou emisión tivera lugar no estranxeiro, cando o primeiro posuidor ou titular teña a súa residencia habitual ou domicilio fiscal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se nun mesmo documento se conteñen actos ou contratos nos que o seu rendemento, segundo as regras anteriores, se considere producido en comunidades autónomas diferentes, procederá a presentación de autoliquidación na oficina competente de cada unha delas, se ben a autoliquidación que se formule só se referirá ao rendemento producido no seu respectivo territorio. Cando se trate de anotacións preventivas de embargo que afecten a varias comunidades autónomas, a base impositiva ratearase entre o número de comunidades a partes iguais.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para a presentación das autoliquidacións, xunto cos documentos, será de 30 días hábiles seguintes a aquel no que se cause o acto ou contrato.

Cando se trate de documentos xudiciais entenderase causado o acto ou contrato na data de firmeza da correspondente resolución xudicial.

II. NORMAS PARA CUBRIR O MODELO

Cúbrase a máquina ou utilizando bolígrafo, sobre superficie dura e con letras maiúsculas.

- (1) Consigne a Delegación da Axencia Tributaria de Galicia e, no seu caso, a oficina liquidadora de distrito hipotecario competentes, así como os seus respectivos códigos.
- (2) Suxeito pasivo. Cubra os datos de identificación do suxeito pasivo e achegue fotocopia do NIF ou do DNI. Se existe máis dun suxeito pasivo deberá indicar o seu número no recadro (6) e cubrir o Anexo I.

Será suxeito pasivo:

- Nas transmisións patrimoniais onerosas:

Operacións	Suxeito pasivo
Transmisións de bens e dereitos	Adquirente
Expedientes de dominio, actas de notoriedade, actas complementarias de documentos públicos e certificacións do artigo 206 da Lei hipotecaria	Persona que os promova
Recoñecementos de dominio	Persoa a favor da cal se constituía
Constitución de dereitos reais	Persoa a favor da cal se efectúe
Constitución de préstamos	Prestameiro
Constitución de fianzas	Acreedor afianzado
Constitución de arrendamentos	Arrendatario
Constitución de pensións	Pensionista
Constitución de concesións administrativas.....	Concesionario
Actos e contratos equiparados á concesión.....	Beneficiario

- Nas operacións societarias:

Na constitución, aumento de capital, traslado de sede de enderezo efectivo ou domicilio social e aportacións dos socios que non supoñan aumento do capital social será suxeito pasivo a sociedade.

Na disolución de sociedades e redución de capital social, os socios, copropietarios, comuneiros ou partícipes polos bens e dereitos recibidos.

- Nos actos xurídicos documentados, documentos notariais:

Como regra xeral, será suxeito pasivo o adquirente do ben ou dereito.

No seu defecto, a condición recae na persoa que solicite o documento, ou aquela no interese da cal se expida.

- Nos actos xurídicos documentados, documentos administrativos:

Nas grandezas e títulos nobiliarios, os seus beneficiarios.

Nas anotacións, a persoa que as solicite.

- Nos actos xurídicos documentados, documentos mercantís:

Serán suxeitos pasivos do tributo que grave os documentos de xiro ou substitutivos das letras de cambio, así como dos xustificantes de depósito e obrigas de pagamento, bonos e obrigas e títulos análogos emitidos en serie, as persoas ou entidades que os expidan.

- (3) Indicarase a clave do concepto o segundo o cadro que se achega "CADRO DE CONCEPTO/CLAVE/TIPO".
- (4) Nas transmisións patrimoniais farase constar a data na que se realizou o acto ou contrato gravado. Nas operacións societarias e actos xurídicos documentados farase constar a data na que se formalizou o acto suxeito a gravame. Para iso, utilizaranse dous díxitos para o día, dous para o mes e os catro últimos para o ano.
- (5) Transmitente. Cubra os datos de identificación do transmitente e achegue fotocopia do NIF ou do DNI. Se existe máis dun transmitente deberá indicar o seu número no recadro (7) e cubrir o Anexo I. No caso de empresarios dedicados á revenda de bens móbiles usados (agás vehículos) este apartado deixárase en branco (Instrución segunda da Resolución de 21/09/2011 da Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda [DOG nº 189, de 3/10/2011]).
- (9) Marque cunha "X" o recadro que corresponda ao carácter notarial, mercantil, xudicial, administrativo ou privado do documento.
- (10), (11) e (12) Indíquense os apelidos e nome do notario ou fedatario ou ben a autoridade xudicial ou administrativa correspondente. Así mesmo, indique a localidade de outorgamento ou formalización e, tratándose de documento notarial, o número de protocolo (sinalar si é bis) e o ano.
- (13) Indicarase o concepto que figura no cadro ao que se refire o recadro (3) "CADRO DE CONCEPTO/CLAVE/TIPO".
- (14) Cando sexa necesario ampliarase brevemente a información sobre a natureza da transmisión, acto documentado ou operación societaria. Por exemplo, en materia de dereitos reais, préstamos, fianzas, arrendamentos, etc. indicarase se se trata de constitución, prórroga, modificación, etc.
- (15) Tratándose de operación cun ben inmovible, marque cunha "X" o recadro que corresponda á natureza urbana ou rústica deste. Se se transmiten máis bens inmoibles deberá indicar o seu número no recadro (8) e cubrir o Anexo II "RELACION DE BENS".

- (16) e (17) No suposto de bens inmoebles, indícarase a referencia catastral e o valor catastral en euros que figura no último recibo pagado do imposto sobre bens inmoebles. En defecto deste, o que figure no certificado ou noutro documento expedido pola Xerencia do Catastro ou escritura pública ou información rexistral.
- (18) No caso de que a operación se refira a bens inmoebles, indíquese a superficie en metros cadrados.
- (19) Indique a situación do predio.
- (20) Consigne o valor en euros que figura no documento.
- (21) Consigne o código seguro de verificación e o valor de referencia que consta na valoración obtida na web www.atriga.es pola aplicación da Orde que desenvolve o medio de comprobación do valor dos bens inmoebles vixente á data de devindicación ou a valoración previa facilitada pola unidade de valoración de conformidade co disposto no artigo 90.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- (22) Consignarase o valor real en euros do ben transmitido ou do dereito que se constituía ou ceda.

AUTOLIQUIDACIÓN

- (23) Marque cunha “X” o recadro de “EXENTO” ou “NON SUXEITO” que, de ser o caso, proceda.
- (24) Indique en que punto e subpunto do artigo 45 do Texto refundido da lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro (en diante R.D.Lex. 1/1993) se fundamenta o beneficio fiscal da exención ou non suxeición. Cando o devandito beneficio fiscal estea fundamentado en calquera outra norma, especifique esta así como o precepto concreto no que se atopa recollido.
- (25) Se a autoliquidación é complementaria doutra xa presentada deberá marcar cunha “X” o recadro correspondente e indicar o número da primeira autoliquidación, a data da súa presentación e o importe ingresado.
- [1] Consignarase o valor real do ben transmitido ou do dereito que se constituía ou ceda. Unicamente serán deducibles as cargas que diminúan o valor real dos bens, pero non as débedas aínda que estean garantidas con peñor ou hipoteca (artigo 10, 13 e seguintes do R.D.Lex. 1/1993). Se son varios os bens transmitidos deberá consignar o importe que resulte de sumar os apartados (22) dos distintos recadros de bens.

A Administración poderá, en todo caso, comprobar o valor real dos bens e dereitos transmitidos ou, de ser o caso, da operación societaria ou do acto xurídico documentado (artigo 46 do R.D.Lex. 1/1993).

Se desexa coñecer o valor real dos bens inmoebles, pode obtelo do seguinte xeito:

- Se polas características do ben este entra dentro do ámbito de aplicación da Orde que desenvolve o medio de comprobación do valor dos bens inmoebles vixente á data de devindicación e ditada pola Comunidade Autónoma de Galicia ao amparo do disposto nas letras b) e c) do artigo 57.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, vostede ten á súa disposición unha ferramenta adaptada á mesma no sitio web www.atriga.es.
- No caso de que se trate de bens excluídos do ámbito de aplicación da Orde que desenvolve o medio de comprobación do valor dos bens inmoebles vixente á data de devindicación ou, en virtude do disposto no artigo 90 da Lei xeral tributaria, vostede desexe solicitar a valoración directamente, poderá facelo dirixíndose á unidade de valoración da Axencia Tributaria de Galicia que sexa competente segundo a situación do ben. A dita solicitude deberá facela empregando os formularios á súa disposición en www.atriga.es no menú de Información ao Contribuínte >> Documentos >> Formulario para a solicitude de valoración previa de bens inmoebles. Coa solicitude achegará o xustificante de aboamento da taxa correspondente segundo o disposto no artigo 26 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado Decreto lexislativo 1/2011, de 28 de xullo (en diante D.Lex. 1/2011).

- [2] Deixarase en branco.
- [3] Consignarase o importe do recadro 3 do “Anexo III Reducións”.
- [4] Consignarase o resultado da diferenza entre o recadro [1] e o recadro [3].
- [5] Consignarase o tipo que corresponde a cada operación ou acto segundo o CADRO DE CONCEPTO/CLAVE/TIPO, agás cando tribute mediante unha escala ou unha cantidade fixa, neste caso deixarase en branco este recadro.
- [6] A cota tributaria virá determinada:
- polo resultado de aplicarlle ao recadro [4] a porcentaxe que figure no recadro [5].
 - pola contía que resulte de aplicar a escala nos supostos de arrendamentos de predios urbanos/rústicos ou transmisión de accións, dereitos de subscrición, obrigas ou títulos análogos, ou
 - polo importe establecido para cada acto.
- [7] Deixarase en branco.
- [8] Consignarase o importe do recadro 8 do “Anexo IV Bonificacións e deducións”.
- [9] Indícarase a diferenza entre o recadro [6] e o recadro [8].
- [Rr] Nesta casíña vostede poderá consignar a recarga prevista no artigo 27 da Lei xeral tributaria para o caso de declaración extemporánea (a presentada fora de prazo). Se a presentación da autoliquidación se efectúa dentro dos 3, 6 ou 12 meses seguintes ao fin do prazo establecido para a presentación e ingreso, a recarga será do 5%, 10% ou 15%, respectivamente. Se a presentación da autoliquidación se efectúa unha vez transcurridos 12 meses dende o fin do prazo establecido para a presentación, a recarga será do 20%. O importe da recarga reducirase no 25% sempre que se realice o ingreso total do importe restante da recarga no prazo do apartado 2 do artigo 62 da Lei xeral tributaria (segundo o previsto no artigo 27.5 da mesma Lei)
- [Rx] Nesta casíña vostede poderá consignar os xuros de mora que se prevén no parágrafo segundo do apartado 2 do artigo 27 da Lei xeral tributaria.
- [R] Consignarase o resultado de sumar o recadro [Rr] e o recadro [Rx].
- [T] Consignarase o resultado de sumar o recadro [9] e o recadro [R].
- [I] Consignarase o importe efectivamente ingresado. Se solicita aprazamento/fraccionamento marque cunha “X” o recadro que consta no apartado ingreso da autoliquidación. Neste caso deberá presentar solicitude de aprazamento/fraccionamento na oficina competente dentro do prazo de presentación do imposto. En caso contrario iniciárase o procedemento de constrinximento.

(26) Representante do documento. Cubra os datos de identificación do representante e achegue fotocopia do NIF ou do DNI.

O DOCUMENTO DEBERÁ IR ASINADO POLO SUXEITO PASIVO OU O SEU REPRESENTANTE.

DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS E RECTIFICACIÓN DE AUTOLIQUIDACIÓNS

Cando un obrigado tributario entenda que unha autoliquidación formulada por el prexudicase de calquera modo os seus intereses lexítimos ou dese lugar á realización dun ingreso indebido, poderá, de conformidade co artigo 120 da Lei xeral tributaria, rectificar a autoliquidación e, se é o caso, instar a restitución do indebidamente ingresado de acordo co artigo 221 da mesma Lei. As solicitudes de rectificación poderán facerse unha vez presentada a correspondente autoliquidación e antes de ter practicada a Administración a liquidación definitiva ou, no seu defecto, de prescribir o dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación, ou o dereito á devolución do ingreso indebido e tramitarse de acordo co artigo 126 e seguintes do Real Decreto 1065/2007, polo que se aproba o regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

ANEXO I. RELACIÓN DE SUXEITOS PASIVOS E TRANSMITENTES

No suposto de existir varios suxeitos pasivos ou varios transmitentes, deberá cubrir o Anexo I da autoliquidación.

Deberá consignar o coeficiente de participación. Cubra os datos de identificación dos suxeitos pasivos e/ou transmitentes e achegue fotocopias dos NIF ou dos DNI. A relación xurídico-tributaria iniciárase co suxeito pasivo e transmitente que figuran nas epígrafes 2 e 5 do impreso.

Por último, deberá cubrir os datos identificativos do representante do suxeito pasivo, no caso de actuar un terceiro no seu nome. Se enche esta epígrafe deberá achegar no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento de dita representación. Dispón dun modelo na páxina web www.atriga.gal → Información ao contribuínte → Documentos.

Unha vez realizado o ingreso, o interesado deberá presentar na oficina xestora o documento orixinal que conteña o feito impositivo coa copia simple (escritura pública) ou fotocopia (demais casos) e os exemplares da autoliquidación que lle devolva a entidade colaboradora.

ANEXO II. RELACIÓN DE BENS

No suposto de que se transmitan varios bens deberá cubrir o Anexo II da autoliquidación.

Deberá cubrir os datos conforme aos apartados [13] ao [22] destas instrucións.

ANEXO III. REDUCIÓNS

Se corresponde aplicar algunha redución sobre a base impositiva deberá cubrir o Anexo III da autoliquidación.

As reducións da Lei 19/1995, de 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias están recollidas nos códigos A ao F.

Na alínea da redución que, de ser o caso, corresponda aplicar indicárase:

- Na columna Base, o importe da base impositiva que dea dereito á aplicación da redución.
- Na columna importe, recadros 2a, 2b, 2c, 2d, 2e e 2f, o resultado de aplicar ao importe da columna Base a porcentaxe indicada.

Cando o devandito beneficio fiscal estea fundamentado en calquera outra norma, no código Y, especifique esta así como o precepto concreto no que se atopa recollido e na columna porcentaxe o que corresponda á redución solicitada. Cubra a columna Base e Importe da alínea/código Y segundo o indicado no parágrafo anterior.

O recadro 3 do Anexo III indicará o importe total das reducións que resulte de sumar as cantidades calculadas conforme aos parágrafos anteriores e sinaladas nos recadros 2a, 2b, 2c, 2d, 2e, 2f e 2y, sempre que resulten compatibles entre elas.

ANEXO IV. BONIFICACIÓNS E DEDUCIÓNS

Se corresponde aplicar algunha bonificación ou dedución na cota tributaria deberá cubrir o Anexo IV da autoliquidación.

As bonificacións e deducións dos artigos 16 e 17 do D.Lex. 1/2011 están recollidas nos códigos A ao O.

No Anexo IV Bonificacións e deducións na alínea do beneficio fiscal que, de ser o caso, corresponda aplicar indicárase:

- Na columna cota tributaria, o importe da cota tributaria sobre o cal se aplique a bonificación ou dedución.
- Na columna importe, recadros 7a, 7b, 7c, 7d, 7g, 7h, 7i, 7j, 7k, 7l, 7n, 7ñ, 7o e 7p, 7q, 7r, 7s, 7t1, 7t2, 7t3, 7t4 o resultado de aplicar ao importe da columna cota tributaria a porcentaxe que corresponda.

Para a dedución do código H, o artigo 17 do D. lex 1/2011 establece que a porcentaxe de dedución, cando o novo préstamo ou crédito sexa de contía superior á necesaria para a cancelación total do préstamo anterior, aplicarase exclusivamente sobre a porción da cota que resulte de aplicarlle á mesma o resultado do cociente entre o principal pendente de cancelación e o principal do novo préstamo ou crédito.

Para as deducións dos códigos J, K e L o artigo 17 do D. Lex 1/2011 establece un límite de dedución de 1.500 €. O importe dos recadros 7j, 7k e 7l non pode superar os 1.500 €.

Para as deducións dos códigos N e Ñ, os artigos 16 e 17 do D. Lex 1/2011 establecen que as deducións non se estenderán á parte da cota que se corresponda co valor na base liquidable da construción e do solo rústico sobre o que se asenta.

Cando o devandito beneficio fiscal estea fundamentado en calquera outra norma, no código U, especifique esta así como o precepto concreto no que se atopa recollido e na columna porcentaxe o que corresponda á redución ou bonificación solicitada. Cubra a columna Base e Importe da alínea/código U segundo o indicado no parágrafo terceiro deste anexo

Os suxeitos pasivos que previo abono da taxa correspondente, solicitasen valoración previa ao amparo do artigo 90 da Lei xeral tributaria e que a acheguen coa declaración do imposto, indicarán no recadro 7v, dedución do artigo 26 do D.Lex. 1/2011, o importe satisfeito.

Se a declaración que está cubrindo é complementaria doutra indicará no recadro 7z o importe ingresado da primeira autoliquidación.

O recadro 8 indicará o importe total das bonificacións e deducións que resulte de sumar as cantidades calculadas conforme o parágrafo anterior e sinaladas nos recadros 7a, 7b, 7c, 7d, 7g, 7h, 7i, 7j, 7k, 7l, 7n, 7ñ, 7o, 7p, 7q, 7r, 7s, 7t1, 7t2, 7t3, 7t4, 7u, 7v e 7z sempre que resulten compatibles entre elas.

CADRO DE CONCEPTO/CLAVE/TIPO

	CONCEPTO	CLAVE	TIPO
TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS	Transmisións e dereitos reais sobre bens inmobles urbanos:		
	– Soares	TU0	10
	– Vivendas	TU1	10
	– Locais e outras edificacións	TU2	10
	– Expedientes de dominio, actas de notoriedade, actas complementarias e certificados de dominio.....	TU3	10
	Adquisición de vivenda habitual por persoas con discapacidade igual ou superior ao 65%	TU4	4
	Adquisición de vivenda habitual con límite de patrimonio	TU8	8
	Adquisición de vivenda habitual para familias numerosas con límite de patrimonio	TUA	4
	Adquisición de vivenda habitual para menores de 36 anos con límite de patrimonio	TUB	4
	Transmisión de vivendas de protección oficial (agás que lle sexa de aplicación un tipo reducido).....	TP0	10
	Transmisións e dereitos reais sobre bens inmobles rústicos:		
	– Secano	TR0	10
	– Regadío	TR1	10
	– Outros inmobles rústicos.....	TR2	10
	– Expedientes de dominio, actas de notoriedade, actas complementarias e certificados de dominio.....	TR3	10
	Multipropiedade e dereito de aproveitamento por quenda.....	TQ0	4
	Transmisión de inmobles rústicos e urbanos en poxa xudicial, administrativa ou notarial	TS0	10
	Adquisición de vivenda habitual en poxa xudicial, administrativa ou notarial, con límite de patrimonio	TS4	8
	Adquisición de vivenda habitual en poxa xudicial, administrativa ou notarial, por menores de 36 anos con límite de patrimonio	TS5	4
	Adquisición de vivenda habitual en poxa xudicial, administrativa ou notarial, por persoas con discapacidade igual ou superior ao 65% con límite de patrimonio.....	TS6	4
	Adquisición de vivenda habitual en poxa xudicial, administrativa ou notarial, por familias numerosas con límite de patrimonio	TS7	4
	Transmisións e dereitos reais sobre bens mobles (agás automóviles e valores mobiliarios)	TM0	8
	Adquisicións bens mobles usados para revenda (agás automóviles e valores mobiliarios)	TM1	8
	Concesións administrativas e outros conceptos asimilados	CA0	4
	Dereitos reais de garantía.....	DG0	1
	Pensións.....	PN0	1
	Pensións a cambio de cesión de bens.....	PN1	1
	Fianzas.....	FZ0	1
Préstamos e obrigas	PO0	1	
Arrendamentos de predios urbanos.....	AU0	Escala	
Arrendamentos de predios rústicos.....	AR0	Escala	
Transmisión de accións, dereitos de subscrición, obrigas e títulos análogos.....	AD0	Escala	
Transmisión de valores e dereitos de subscrición art. 314 da Lei do Mercado de Valores	TV0	10	
OPERACIÓNS SOCIETARIAS	Sociedades anónimas:		
	– Constitución.....	SX0	1
	– Aumento de capital.....	SX1	1
	– Disolución.....	SX2	1
	– Diminución de capital	SX3	1
	– Fusión.....	SX5	1
	– Escisión	SX6	1
	– Aportacións de socios que non supoñan un aumento do capital social.....	SX7	1
	– Traslado a España da sede ou domicilio social (art. 19 do TR do ITP e AXD)	SX8	1
	– Outros documentos societarios de sociedades anónimas	SX9	0
	Sociedades non anónimas:		
	– Constitución.....	SO0	1
	– Aumento de capital.....	SO1	1
	– Disolución.....	SO2	1
	– Diminución de capital	SO3	1
	– Fusión.....	SO5	1
	– Traslado a España da sede ou domicilio social (art. 19 do TR do ITP e AXD)	SO6	1
– Escisión	SO7	1	
– Aportacións de socios que non supoñan un aumento do capital social.....	SO8	1	
– Outros documentos societarios de sociedades non anónimas	SO9	0	
ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS	Documentos notariais:		
	– Segregación	DN0	1,5
	– Agrupación	DN1	1,5
	– Declaración de obra nova	DN2	1,5
	– División Horizontal.....	DN3	1,5
	– Entregas suxeitas ao IVE	DN4	1,5
	– Entregas suxeitas ao IVE por renuncia á exención.....	RN4	2
	– Outros documentos notariais	DN5	1,5
	– Préstamos/créditos hipotecarios outorgados por entidades financeiras	DN6	1,5
	– Dereitos reais garantía para sociedades de garantía recíproca	DNG	0,1
	Documentos notariais (adquisición de vivenda):		
	– Adquisición de vivenda.....	DN9	1,5
	– Adquisición de vivenda habitual límite de patrimonio.....	DNA	1
	– Obra nova de vivenda habitual límite de patrimonio	DNB	1
	– Préstamo/crédito hipotecario vivenda habitual, límite de patrimonio	DNC	1
	– Adquisición de vivenda habitual por persoa con discapacidade maior ou igual 65%	DND	0,5
	– Obra nova de vivenda habitual por persoa con discapacidade maior ou igual 65%	DNE	0,5
	– Préstamo hipotecario para vivenda habitual por persoa con discapacidade maior ou igual 65%	DNF	0,5
	– Préstamo/Crédito hipotecario para vivenda habitual de familia numerosa, con límite de patrimonio	DNU	0,5
	– Préstamo/Crédito hipotecario para vivenda habitual de menores de 36 anos, con límite de patrimonio	DNV	0,5
– Adquisición de vivenda habitual para familia numerosa, con límite de patrimonio	DNW	0,5	

	CONCEPTO	CLAVE	TIPO
ACTOS XURÍDICOS (CONT.)	- Adquisición de vivenda habitual para menores de 36 anos, con límite de patrimonio	DNX	0,5
	- Obra nova de vivenda habitual para familia numerosa, con límite de patrimonio	DNY	0,5
	- Obra nova de vivenda habitual para menores de 36 anos, con límite de patrimonio	DNZ	0,5
	Anotacións preventivas	AP0	0,5
	GRANDEZAS E TÍTULOS		
	Título con Grandeza:		
	- Transmisión Directa	TG1	2.781
	- Transmisión Transversal	TG2	6.971
	- Rehabilitación e recoñecemento de títulos estranxeiros	TG3	16.713
	Grandeza sen título:		
	- Transmisión Directa	GS1	1.988
	- Transmisión Transversal	GS2	4.983
	- Rehabilitación e recoñecemento de títulos estranxeiros	GS3	11.932
	Título sen Grandeza:		
	- Transmisión Directa	TS1	793
- Transmisión Transversal	TS2	1.988	
- Rehabilitación e recoñecemento de títulos estranxeiros	TS3	4.783	

ESCALA PARA A DETERMINACIÓN DA DÉBEDA TRIBUTARIA NOS ARRENDAMENTOS

Tramos euros	Euros
Ata 30,05 euros	0,09
De 30,06 a 60,10	0,18
De 60,11 a 120,20	0,39
De 120,21 a 240,40	0,78
De 240,41 a 480,81	1,68
De 480,82 a 961,62	3,37
De 961,63 a 1.923,24	7,21
De 1.923,25 a 3.846,48	14,42
De 3.846,49 a 7.692,95	30,77
De 7.692,96 en adiante	0,024040 euros por cada 6,01 ou fracción

SUXEITO PASIVO

NIF

APELIDOS E NOME

DOMICILIO FISCAL

RUA O PRAZA

NÚMERO

CONCELLO

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA



Axencia Tributaria
de **Galicia**

MODELO **600** €

**IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS
PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS
DOCUMENTADOS**

DELEGACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA
DE GALICIA

--	--	--	--	--

OFICINA LIQUIDADORA DE DISTRITO HIPOTECARIO

--	--	--	--	--

NON SE ESQUEZA DE INCLUIR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- a) Fotocopia do NIF do suxeito pasivo e transmitente (no seu defecto do DNI).
- b) Copia auténtica do documento notarial, xudicial ou administrativo no que conste o acto ou contrato gravado e copia simple deste. No caso de que se trate de documentos privados, estes presentaranse por duplicado (orixinal e copia).
- c) Modelo 600.
- d) Se o documento contén bens inmobles, copia do último recibo do pagamento de imposto sobre bens inmobles, ou en defecto do anterior, certificado da Xerencia do Catastro que acredite o valor catastral.
- e) Se cobre a epígrafe do representante deberá achegar no momento da presentación, un documento que acredite o outorgamento de dita representación.

